

# XVII CONGRESO NACIONAL DE NUMISMÁTICA

NUMISMÁTICA, QUE E PARA QUE?

12, 13 e 14 de setembro de 2024

## NORMATIVA DE PRESENTACIÓN DE COMUNICACIÓN

### PRESENTACIÓN NO CONGRESO

O horario e lugar de presentación de cada comunicación pode consultarse no [programa dispoñible na web](#).

O tempo de cada comunicación será de 10 minutos. As presentacións deberán axustarse ao tempo asignado.

A comunicación debe ir acompañada dunha presentación en PPT ou PDF seguindo o [modelo que se pode descargar na web](#). O número máximo de páxinas ou diapositivas na presentación será de 11: unha para o título e o resto para o contido da comunicación.

A presentación dixital deberá enviarse á dirección de correo electrónico do congreso ([XVII-CNN@depo.gal](mailto:XVII-CNN@depo.gal)) e indicarse no asunto o apelido do autor, seguido de XVIICNN. En caso de ser máis dun autor indicarse "apelido autor 1 + apelido autor 2", seguido de XVIICNN.

O prazo de entrega para estas presentacións dixitais será ata **o 5 de setembro de 2024**.

### ACTAS

As comunicacións presentadas no XVII Congreso Nacional de Numismática publicaranse en formato electrónico no Museo Casa de la Moneda de Madrid.

Enviaranse seguindo a normativa que se indica a continuación. Aqueles artigos que non se rexan estritamente polas normas aquí indicadas non se publicarán.

### Extensión

- Extensión máxima de 60.000 caracteres, incluídos texto, resumos, cadros, táboas, notas, pés de figuras e bibliografía final.
- Primeira páxina co título, resumo, palabras clave, autor ou autores, enderezo, correo electrónico e teléfono.
- O resumo terá un máximo de 150 palabras.
- Incluíranse entre 4 e 8 palabras ou expresións clave, e non se repetirá ningunha das que aparezan no título, para potenciar os criterios de busca.
- O título, o resumo e as palabras clave figurarán en castelán, en inglés ou no idioma do texto se non é ningún deses dous.

Patrocina:



 Real Casa de la Moneda  
Fábrica Nacional  
de Moneda y Timbre

Organizan:



Deputación  
Pontevedra

 MUSEO  
PONTEVEDRA

Colabora:



 USC  
UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA



# XVII CONGRESO NACIONAL DE NUMISMÁTICA

NUMISMÁTICA, QUE E PARA QUE?

12, 13 e 14 de setembro de 2024

## Tipografías, epígrafes, pés e referencias

- O arquivo dos orixinais deberá estar en formato de Microsoft Word ou compatible. O tipo xeral será en letra Times New Roman con corpo 12 e Times New Roman con corpo 10 nos casos que indicamos máis adiante.
- No caso dos artigos que inclúan textos en caracteres especiais non incluídos na tipografía Times New Roman deberase enviar unha copia do traballo en formato PDF na que figuren claramente os caracteres para reproducir e resaltados en amarelo.
- Os epígrafes dos traballos poderán estar numerados e xerarquizados segundo os seguintes formatos:
  - Nivel 1: versaletas grosa.
  - Nivel 2: grosa normal.
  - Nivel 3: cursiva.
- O título xeral do artigo vai en grosa normal con corpo 16. O nome do autor ou autores, en cursiva con corpo 12; e os nomes das institucións vinculadas co autor ou autores, en redonda con corpo 10.
- O título do resumo inicial e o da bibliografía final van en formato nivel 1, centrado.
- Os pés de figuras introdúcense da seguinte maneira: Fig. 1. —en cursiva con corpo 10, e as súas cursivas en redonda—, e as súas referencias no texto: (fig. 1), en redonda.
- Os títulos dos cadros e táboas van na parte superior, en redonda grosa con corpo 10. As súas referencias no texto indícanse: (Cadro 1), (Táboa 1), en redonda.
- Todos os títulos e pés de foto escribíranse sen punto final.

## Abreviaturas

- As abreviaturas ateranse ás normas da ortografía da Real Academia Española.
- As abreviaturas de pesos e medidas van sempre en singular e sen punto: g, mm, etc.
- *Numisma* usa as seguintes abreviaturas: páxina/s = p., pp.; século/s = s., ss.; número/s = núm., núms.

## Citas bibliográficas e notas ao pé de páxina

- Non se admiten notas a pé de páxina; todas as referencias irán ao final do texto.
- As citas bibliográficas no interior do texto e nas notas ao pé faranse segundo o sistema Harvard, cos apelidos das e dos autores en versaletas:
  - Un só autor: (APELIDO 1993: 45-60)
  - Dos autores: (APELIDO1 e APELIDO2 1953: 50-70)
  - Máis de dos autores: (APELIDO1 *et alii* 2003: 99-105)
- Se se inclúe máis dunha cita dentro da mesma paréntese, separaranse con punto e coma.

Patrocina:



 Real Casa de la Moneda  
Fábrica Nacional  
de Moneda y Timbre

Organizan:



Deputación  
Pontevedra

 MUSEO  
PONTEVEDRA

Colabora:



 USC  
UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

# XVII CONGRESO NACIONAL DE NUMISMÁTICA

NUMISMÁTICA, QUE E PARA QUE?

12, 13 e 14 de setembro de 2024

## Bibliografía final

- Os lugares de edición deben citarse tal e como aparecen no traballo orixinal.
- Deberase facer constar a identificación de obxecto dixital (DOI) naqueles artigos de revistas que dispoñan del (<http://www.crossref.org>), así como a data de consulta nas edicións electrónicas.
- A listaxe bibliográfica poñerase ao final do texto e deberá seguir o modelo seguinte:
  - Monografías:

ALFARO, C. 1988: *Las monedas de Gadir/Gades*, Madrid.

PEREIRA, I.; BOST, J. B. e HIERNARD, J. 1974: *Fouilles de Conimbriga III. Les monnaies*, París.
  - Artigos en revistas:

RIPOLLÈS, P. P. 2002: "La moneda romana imperial y su circulación en Hispania", *Archivo Español de Arqueología*, 75, pp. 195-214.
  - Contribucións a congresos e obras colectivas:

BARRIL VICENTE, M., 2010: "Tesoros de plata en el ámbito celtibérico ¿función votiva, depósitos de platero o dinero fraccionario?", en F. BURILLO MOZOTA (ed.), *VI Simposio sobre Celtiberos: Ritos y Mitos. Actas*, Zaragoza, pp. 73-86.

CHAVES, F. e OTERO, P. 2002: "Los hallazgos monetales de la Loba", en J. M.ª BLÁZQUEZ; CL. DOMERGUE e P. SILLIERES (coords.), *La loba (Fuenteobejuna, province de Cordoue, Espagne). La mine et le village minier antiques*, Bordeaux, pp. 163-230.
  - Catálogos de referencia:

Utilizarase a abreviatura habitual

    - Impresos  
No texto, exemplo: CNH 183/1; ACIP 482.  
Na listaxe bibliográfica CNH = VILLARONGA I GARRIGA, L. 1994: *Corpus Nummum Hispaniae ante Augusti Aetatem*, Madrid.  
ACIP = VILLARONGA I GARRIGA e BENAGES, J. 2011: *Ancient Coinages of the Iberian Peninsula*, Barcelona.
    - Dixitais  
No texto, exemplo: MIB 1/052a.  
Na listaxe bibliográfica MIB = RIPOLLÈS, P. P., GOZALBES, M. (eds.), 2022. *Moneda Ibérica (MIB)*, Valencia, <https://monedaiberica.org> [visitada 11/12/2023]
  - Publicacións en internet e páxinas web:

ROYO MARTÍNEZ, M. DEL M. 2022: Las primeras emisiones de Gordiano III (238-244 d. C.) y la apertura de la ceca de Viminacium en Moesia superior, *Documenta & Instrumenta* 20, pp. 243-260,  
<https://revistas.ucm.es/index.php/DOCU/article/view/81331/4564456560505> (consulta 28-11-2022)

Patrocina:



Real Casa de la Moneda  
Fábrica Nacional  
de Moneda y Timbre

Organizan:



Deputación  
Pontevedra



MUSEO  
PONTEVEDRA

Colabora:



USC  
UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

# XVII CONGRESO NACIONAL DE NUMISMÁTICA

NUMISMÁTICA, QUE E PARA QUE?

12, 13 e 14 de setembro de 2024

## Ilustracións

- As ilustracións (fotos, mapas e planos) enviaranse á parte, debidamente identificadas e numeradas, e indicaranse a que parte do texto fan referencia.
- Máximo de 10 ilustracións: imaxes, planos, debuxos, gráficos... sen superar as catro láminas.
- As figuras con fotos deben enviarse en soporte dixital e ficheiro de imaxe TIFF ou JPG, cunha resolución mínima de 300 ppp ao tamaño de impresión.
- As figuras con imaxes con textos presentaranse en capas independentes editables e unha resolución de 300 ppp.
- As figuras con debuxos presentaranse en formato vectorial e resolución de 300 ppp ao tamaño de impresión. Tamén poden ter formato JPG cunha resolución de 300 ppp ao tamaño de impresión.
- Para compoñer figuras ou láminas con diversas imaxes, sobre todo moedas ou medallas, terase en conta que a caixa de Numisma é de 20 × 15 cm, incluídos os pés.
- As imaxes, debuxos e planos deberán numerarse de forma correlativa e consideraranse figuras. As táboas e cadros terán numeración propia e incluíranse dentro do texto principal.
- Débese indicar no texto o lugar onde se desexa que se inclúa cada imaxe. Estas suxestións seguiranse sempre que a maquetaxe o permita.
- Cada arquivo de imaxe enviarase identificado co mesmo número da figura correspondente.
- Os pés de figuras enviaranse nun documento independente. Indicarase o diámetro das fotos de moedas cando se queiran reproducir a tamaño natural. Deberase indicar a procedencia de todas as ilustracións ou a súa autoría.
- O ou os autores ou autoras deberán ter ou adquirir previamente a autorización de publicación pertinente das ilustracións enviadas, polo que serán responsables de posibles faltas contra a lexislación de propiedade intelectual.

**A data límite de entrega** dos textos definitivos será o **día 30 de decembro de 2024**.

Enviaranse ao correo electrónico [XVII-CNN@depo.gal](mailto:XVII-CNN@depo.gal), indicando no asunto o apelido do autor seguido de XVICNN. En caso de ser máis dunha autora ou autor indicarse "apelido autor 1 + apelido autor 2" seguido de XVICNN.

Para calquera dúbida ou observación poderán poñerse en contacto a través do correo electrónico do congreso ([XVII-CNN@depo.gal](mailto:XVII-CNN@depo.gal)).

Patrocina:



**M** Real Casa de la Moneda  
Fábrica Nacional  
de Moneda y Timbre

Organizan:



Deputación  
Pontevedra



MUSEO  
PONTEVEDRA

Colabora:



**USC**  
UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA